

Premio Peme do Ano Lugo 2018 | Ampliación prazo

10/04/2018

A Cámara de Comercio de Lugo e o Banco Santander convocan a **segunda edición do premio Peme do Ano co obxectivo de recoñecer o labor das pequenas e medianas empresas como xeradoras de riqueza e creadoras de emprego** no desempeño do seu labor cotián. O premio conta coa colaboración do diario El Progreso.

Esta segunda edición do Premio Peme do Ano trae varias novidades. Ademais da Peme do Ano 2018 de Lugo, o xurado concederá tres accésit a outras tantas empresas nas categorías de Internacionalización, Dixitalización e Innovación e Formación e Emprego. A Peme do Ano de Lugo concorrerá ao Premio Peme do Ano 2018 de España, que se fallará no primeiro trimestre de 2019.

Poderán presentar a súa candidatura a este premio todas as pequenas e medianas empresas de menos de 250 empregados, cunha facturación anual inferior aos 50 millóns de euros no exercicio 2017 e con sede social na provincia de Lugo.

As empresas interesadas poden descargar as bases ao final desta entrada ou consultar a web da Cámara de Comercio de Lugo. As solicitudes podíanse presentar [online](#) até o próximo 15 de xuño, **PERO AMPLIOUSE O PRAZO ATÉ O VENRES 29 DE XUÑO.**

O xurado -composto por un representante da Cámara de Comercio de Lugo, un representante da Cámara de Comercio de España, un representante da Delegación Territorial do Banco Santander, un representante da Administración local e un representante do diario O Progreso- valorará nas súas deliberacións méritos como a creación de emprego, as accións de formación para os seus empregados, a actividade internacional e as iniciativas de dixitalización e innovación.

[INSCRICIÓN PREMIO PEME DO ANO LUGO 2018](#)

<http://www.cel.es/gl/documentacion/4928/premio-peme-do-ano-lugo-2018-ampliacion-prazo/>